

DECRETO DE 12 DE AGOSTO DE 2020:

D. Vicente Gómez García, Alcalde do Concello de Castrelo do Val (Ourense), en base ás competencias que en materia de contratación atribúe a Alcaldía a Disposición Adicional 2.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) e á delegación efectuada polo Pleno, en sesión realizada o 19 de xuño de 2019, a favor desta Alcaldía en materia de contratación e aprobación de proxectos de obras, e

VISTO o Decreto da Alcaldía de data 10/08/2020 polo que se aproba o Anteproxecto/Memoria Técnica Valorada de “Reforma e ampliación de parque infantil “O Terrón” en Castrelo do Val”, cun orzamento de 38.192,46 € e 8.020,42 € de ive (total 46.212,88 € iva incluído), elaborada polo arquitecto técnico D. Juan Manuel Mera Díaz, colexiado nº 159.

VISTO que o orzamento do proxecto da devandita obra conta cun valor estimado de 38.192,46 € e 8.020,42 € de iva (total 46.212,88 € iva incluído), e que polo tanto se trata dun expediente de contra menor de obras ó non superar o importe establecido no art 118.1 da LCSP.

VISTO os informes do técnico municipal de urbanismo e da secretaría-intervención.

RESULTANDO necesario a contratación da obra “Reforma e ampliación de parque infantil “O Terrón” en Castrelo do Val” dada a subvención concedida pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza-Dirección Xeral da Administración Local por importe de 33.704,22 €.

RESOLVO:

1.-Aprobar o referido expediente de contratación da obra de “Reforma e ampliación de parque infantil “O Terrón” en Castrelo do Val”, como contrato menor de obras, ó abeiro do 118 da LCSP, xustificando a celebración do mesmo pola necesidade de acondicionar os camiños.

2.-Aprobar o gasto cun valor estimado de 38.192,46 € e 8.020,42 € de iva (total 46.212,88 € iva incluído), con cargo á partida 459/61909 do orzamento de gastos vixente.

3.- Aprobar o Anteproxecto/Memoria Técnica Valorada de “Reforma e ampliación de parque infantil “O Terrón” en Castrelo do Val”, cun orzamento de 38.192,46 € e 8.020,42 € de iva (total 46.212,88 € iva incluído), elaborada polo arquitecto técnico D. Juan Manuel Mera Díaz, colexiado nº 159.

4.-Dispor a apertura do procedemento de adxudicación establecendo como único criterio de adxudicación o prezo.

5.-Remitir invitación para que presenten oferta económica, ás seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES VISO E HIJOS S.L.; CIF B32024317
- HERMANOS DIAZ CALDELAS, S.L...; CIF B32259475
- EXTRAVIAL OBRAS Y SERVICIOS S.L.; CIF B32502957

6.- No caso de que non se chegue a un mínimo de 3 ofertas presentadas en prazo, solicitaraselle oferta a outras empresas ata acadar o número mínimo de 3 ofertas.

5.- Establécese como prazo máximo de execución e entrega das obras o **31 de outubro de 2020**.

Castrelo do Val

Vicente Gómez García

O Secretario

Mario L. Rodríguez Fernández

Designado en Comisión Circunstancial,
por decreto do Deputado Delegado de
Tansparencia e Administración Provincial da
Deputación Provincial de
Ourense de data 11/02/2020

